


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

11-12 de xullo do 2026

XV SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Na nosa sociedade actual a todos nos gusta moito falar e opinar de todo, aínda que moitas veces non sexamos quen de dicir nada, pero falar falamos.

Por outra parte, nesta mesma nosa sociedade actual, moito nos custa escoitar.

Escoitar o que os demais teñen que dicir é moi importante para a convivencia cotiá, e dende logo facelo con atención, respecto, agarimo... pero ás veces só escoitamos se é para que nos dean a razón.

Nas nosas celebracións da fe é Deus o que nos fala, nós somos os que escoitamos a súa Palabra, e El espera que deamos froito con esa Palabra que lle escoitamos.

Isto mesmo váinolo explicar Xesús no evanxeo de hoxe coa parábola do sementador. “O que escoita a Palabra de Deus e a pon en práctica é como a semente que cae en terra boa e dá froito”.

Hoxe nós damos froito escoitando e vivindo a Palabra.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *A vida ensínanos que vale a pena escoitar as persoas que acollen e que teñen tempo para os demais. Hoxe, escoitando a parábola do sementador, queremos comprometermos con Xesús atendendo as súas palabras e sendo sementes dun mundo mellor. Estas son as nosas palabras coas que hoxe pedimos perdón e nos comprometemos:*

Monitor/a

- ✓ Comprometémonos con Xesús a vivir dende a actitude da escoita e o diálogo respectuoso?

SI, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos con Xesús a esforzarnos por dar exemplo achegándonos, escoitando e dando unha man?

SI, COMPROMETÉMONOS

- ✓ Comprometémonos con Xesús a sementar con diálogo e con palabras de agarimo neste tempo no que parece que a razón é de quen fala máis alto?

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que nin se sinten escoitados nin valorados. A todos, o Señor, nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai as nosas preocupacións e os nosos medos. Acordámonos das xentes de Venezuela e das persoas falecidas no incendio de Los Gallardos (Alicante).*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, Ti que es a fonte de todo ben, ensínanos a pensar o que é axeitado e axúdanos co teu alento a poñelo por obra acollendo a todas as persoas sen facer distincións.

Pedímoscho por Xesucristo, noso irmán, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *As Palabras do profeta Isaías lembran que a Palavra de Deus en nós é como a auga da chuva que enchoupa a terra para que dea froito.*

Xesús no Evanxeo de hoxe conta unha parábola para falarlle aos discípulos do importante que é ter actitude de escoita na vida.

Os nosos froitos serán na medida da nosa escoita.

Leccionario I A páx 220 **Is 55,10-11**

LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

Di o Señor:

Velaí: como a chuvia e a neve baixan do ceo
e non voltan alá sen enchoupar a terra,
fecundala e facela brotar,
para que lle dea semente ao que sementou
e pan ao que come,
así tamén será a miña palabra que sae da miña boca:
non voltará a min en van,
senón que fará o que eu queira,
e conseguirá aquilo para o que a mandei.

Palabra do Señor

🎵 *Escoita ao Señor* **SALMO**

(en pé) *Leccionario I A páx 222 Mt 13, 1-23 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel día Xesús saíu da casa e foise sentar á beira do mar. Tanta era a xente reunida ao pé del, que tivo que subir e sentar nunha barca, mentres a xente toda ficaba na beira. E faloulles de moitas cousas en parábolas. Dicía:

- Dunha vez saíu un labrego a sementar. E ao botar a semente, parte dela foi caendo polo camiño adiante; viñeron os paxaros e comérona. Outra caeu entre pedras, onde a penas había terra; e naceu de contado, porque a terra non tiña fondura; pero non ben saíu o sol, ardeu

e, como non tiña raíz, secou. Outra parte caeu na silveira, e ao medraren as silvas afogárona. Outra caeu en boa terra, dando froito: unha, cen; outra, sesenta; outra, trinta. ¡Quen teña oídos que escoite!

E achegándose os discípulos díxéronlle:

- Por que lles falas en parábolas?

El respondeulles:

- Porque a vós concedéusevos coñecer os misterios do Reino dos Ceos, pero a eles non. Pois a quen ten daráselle ata sobrarlle; pero a quen non ten aínda o que cre ter se lle quitará. Por iso fálolles eu en parábolas, porque mirando, non ven, e escoitando, non oen nin entenden. Cúmrese así neles o que profetizara Isaías:

Oír, oíredes, pero non entenderedes;

ollar, ollaredes, pero non veredes.

Porque o corazón deste pobo está insensibilizado: endureceron os seus oídos e pecharon os seus ollos, para non veren cos ollos, nin oíren cos oídos, nin entenderen co seu corazón

nin se converteren para que eu os cure.

¡Ditosos, en troques, os vosos ollos, porque ven, e mailos vosos oídos, porque oen! Pois asegúrovos que moitos profetas e xustos arelaron ver o que vós vedes, e non o viron, e oír o que vos oídes, e non o oíron.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio
para acoller a palabra no corazón

Para pensar e ler a xeito de homilía

Vai ser hoxe Xesús o que nos faga a homilía porque os apóstolos pídenlle que lle explique a parábola que acaba de contar e El dilles e dinos a nós:

Escoitade, logo, vós a parábola do sementador:
Sempre que un escoita a Palabra do Reino e non a entende, vén o Maligno e arrepañalle o sementado no seu corazón: esa é a que caeu no camiño.

O que caeu entre as pedras, vén ser aquel que, escoitando a Palabra, de seguida a recibe con alegría; pero, ao non ter raíz e ser inconstante, así que veñen as dificultades ou a persecución por causa da Palabra, de seguida abandona.

O que cae na silveira, vén ser aquel que escoita a Palabra; pero as preocupacións do mundo e o afán polas riquezas afogan a palabra e queda sen dar froito.

Pero o que foi sementado en boa terra, vén ser aquel que escoita a Palabra e a comprende: este si que dá froito e produce nun caso cento, noutro sesenta e noutro trinta.

Preguntémonos agora que é o que nós estamos a sementar e preguntémonos tamén cales son os froitos que estamos aportando nós para un mundo mellor, máis xusto e máis pacífico.

Que estamos a sementar e que froitos estamos a dar?.

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo Pai que Ti sempre estás á nosa beira, despois de escoitar a Xesús, proclamamos coas nosas voces o credo que queremos sementar como igrexa:

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Cremos en Deus, Pai e Nai que nos creou á súa imaxe, que nos ama a todas as persoas sen facer diferenzas?

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Cremos en Xesús, que quixo compartir a nosa vida, que o fixo sentíndose irmán con todos, e que con palabras e feitos nos convida a ser semente de evanxeo?

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Cremos no Espírito de Deus, que nos dá forzas para facer e sentirnos unha comunidade dialogante na que todos temos algo que dicir e moito que escoitar?

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Credes na Igrexa, comunidade bendicida polo exemplo de tantos homes e mulleres que viven escoitando e acollendo a todos, sen importarlles a súa forma de pensar, vivir ou crer?

 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Movidos por Xesús, no espírito de querer ser sementes de boas novas, imos rezar xuntos dicindo:*

Señor, sementamos contigo

Monitor/a:

- ✓ Sementamos para ser igrexa que ofrece escoita, tolerancia e respecto, oremos
- ✓ Sementamos para ser crentes no exemplo da responsabilidade persoal nestes tempos da igrexa nos que temos que dar vida ao evanxeo con diálogo, oremos
- ✓ Sementamos para ser cristiáns nas actitudes de acollida e igualdade, dando froitos de vida á beira de quen se sente inxustamente tratado, oremos
- ✓ Sementamos para ser veciños e veciñas que colaboran e se implican no coidado da terra, oremos
- ✓ Sementamos para estar á beira das persoas que sofren. Sementamos un mellor coidado da terra e da natureza á beira das familias que perderon a vida no incendio de Los Gallardos, en Alicante, oremos

Celebrante: *Grazas Señor porque hoxe, coma sempre, estás á nosa beira escoitándonos e acollendo as nosas preocupacións e desexos e convidáanos a ser as túas sementes dando froitos de boas obras. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Sexamos semente boa da man de Xesús e pidamos que o Pai nos axude a enraizar o seu amor e a súa forma de vivir na nosa sociedade. Por iso recemos*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús sementa paz coas súas palabras. Que nós saibamos ser sementes desa mesma vida con todos aqueles que a sociedade ten menos en conta e se senten silenciados. Podemos agora preguntarnos que espera de nós a humanidade?, que froitos se esperan de cada un de nós?, que lle podemos ofrecer de bo a esta terra e a este tempo?.*

Agora é hora de dar unha man de paz.



nº 38

Que medre a paz na nosa terra

COMUÑÓN

Celebrante: *Participar hoxe nesta celebración é querer ser sementes dun mundo ao xeito de Xesús.*

Ditosos nós que estamos convidados a sementar evanxeo e facelo crible cos nosos feitos e palabras.

Ditosos nós por poder participar na mesa do banquete do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55 No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai, dámosche as grazas por todas as persoas que no camiño da nosa vida son capaces de escoitar de verdade estando á beira dos que máis problemas teñen.

Agradecemos a vida das persoas que dan exemplo aollendo e compartindo, e así son semente de evanxeo para seguir construíndo xuntos unha nova humanidade ao xeito de Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén

Con Xesús queremos dar grazas pola vida sinxela das nosas aldeas, nas que sabemos ben o que é sementar

Con Xesús vivir non consiste en competir e imporse a berros sobre os demais

Con Xesús vivir é ser crentes de verdade escoitando e falando nun diálogo respectuoso.



**“O que foi sementado en boa terra,
vén ser aquel que escoita a Palabra e a comprende.
Ese si que dá froito”**

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.

**Avísase das misas (ver folla do mes), e avisar que o
martes 14 de xullo é a excursión
para os nenos e nenas de Os Cotos.**

Hai que dicirlllo xa aos párrocos ou catequistas

**Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Deámoslle grazas a Deus**